

“As luces esaxeradas de Nadal teñen unha mensaxe social desafortunada”

A temperatura media de Ourense alcanza o rexistro histórico de 16,3°, e o investigador sinala as consecuencias do cambio climático na sociedade, no campo e na enerxía

A. G. TESOURO
OURENSE

Temperaturas mínimas en ascenso. As máximas incrementándose e cada vez máis vagas de calor. Esas son as estadísticas do cambio climático no conxunto do planeta e particularmente na provincia de Ourense, con consecuencias na sociedade, na enerxía e nos sectores productivos sobre todo no primario. Juan Añel, profesor titular de Física da Terra na Universidade de Vigo e investigador do grupo EPhyslab, destaca as consecuencias do cambio climático na sociedade con mortes por calor, na enerxía con posibles aumentos dos costes; e tamén na incidencia que ten no campo con demanda de máis recursos hídricos para completar os procesos evolutivos dos produtos. Fai hincapé na mensaxe “desafortunada” das administracións públicas polo feito da iluminación “esaxerada” do Nadal e analiza o caso da petrolera Exxon que escondeu informes sobre as consecuencias actuais do cambio climático nos anos 70.

—O ano 2022 péchase coa temperatura media máis alta desde que hai rexistros en na provincia de Ourense.

—A principal mensaxe de isto é que a tendencia a alza das temperaturas continúa, algo que sabemos dende fai tempo e vai continuar no futuro por mor do cambio climático. É certo que estamos no medio dun fenómeno de “La Niña” que condicionan o ano dende o punto de vista meteorolóxico e climático, pero non cambia a cuestión de fondo, as temperaturas medias están subindo e seguirán subindo. Significa que temos que seguir traballando para mitigar o cambio climático e adaptarnos a él.

—Riadas e ríos triplicando os seus caudais. Así empezou o ano. Pódese descartar a sequía durante este verán?

—Esta é unha boa pregunta seguindo a anterior. Diciá Niels Bohr que “predecir é moi complexo, sobre todo o futuro”. É máis sinxelo predecir cambios de temperatura que de precipitación e tamén é máis sinxelo facelo sobre unha tendencia a varias décadas vista que para este verán en concreto. A resposta adecuada é que non a podemos descartar. Cousa distinta é se por seca para o verán estamos a pensar en se imos ter auga; iso é unha cuestión distinta, que depende da xestión que fagamos de ela. Semella que ca auga que temos agora mesmo nos encoros non deberíamos ter tantos problemas, pero tampouco sabemos cando volverá a chover. Quen sabe, ao mellor de repente non cae pinga en dous anos e por moita auga que teñamos agora non chegará. Así que non, non podemos descartar que nos veña por diante un período de seca longo e que vaíamos a ter problemas; senón non verán, máis adiante no outono ou inverno. Temos que coidar da auga, o noso recurso máis preciado e pensar que non sabemos se volverá a caer unha pinga máis.

—Un estudo de varios investigadores da Universidade de Vigo conclúe que cada vez hai máis vagas e máis extensas no tempo. Como afecta ou de que maneira poder afectar a nosa sociedade?

—As compañeiras responsables de este traballo poden opinar mellor sen dúbida, pero unha das consecuencias a máis perceptibles é sen dúbida o estrés térmico ao que nos vemos sometidos, que fai que descansemos peor e que teñamos máis ingresos hospitalarios coma conse-



O docente e investigador da UVigo, Juan Añel. // I. Osorio

cuencia do calor. Debemos lembrar que varias das vagas de calor máis chamantes dos últimos anos tiveron coma consecuencia moitas mortes que non se terían producido de outro xeito. Tamén afectan á produción agrícola, que se ve afectada, facendo que teñamos escaseza nas colleitas e encarecendo o prezo que pagamos na tenda. Tamén ten derivadas na produción enerxética, xa que o calor extremo de estas vagas forza a parar centrais nucleares por superarse temperaturas máximas para o seu funcionamento ou tamén diminúen a produción solar, xa que as placas teñen uns rangos de funcionamento óptimos que se ven superados, todo elo podendo encarecer o prezo da electricidade. En resumo, os extremos nunca son bos, e xusto é do que vai o cambio climático, de ter cada vez máis meteoroloxía extrema.

—Incidindo nesas consecuencias na produción do sector primario, os profesionais da agricultura e da gandería fano visible. O cambio climático é xa un dos seus principais

problemas.

—As vagas de calor está claro que conlevan unhas necesidades hídricas maiores. Sen ser un experto nisto, penso que está claro que o feito de que haxa máis vagas de calor incrementará a demanda de auga tanto para colleitas coma consumo animal, xusto un recurso que escaseará.

—Ten repercusión para o cambio climático esa competencia das administracións por poñer cada vez máis cantidade de luces durante o Nadal?

—Non teño datos sobre os consumos adicionais das luces de Nadal, pero se pensamos que a nosa maior pegada contaminante é o transporte e que se imos de vacacións en avión estamos a emitir 200 kg de CO2 como mínimo, posiblemente unha iluminación LED non sexa a maior das nosas preocupacións. Porén, na miña opinión persoal o maior impacto que ten é a súa desafortunada mensaxe social. Esta iluminación esaxerada, nunha competición que eu diría pola cantidade que non pola ca-

lidade, por veces case semella a expresión de masculinidades tóxicas.

—Non é unha mensaxe contradictoria? Gastar máis na iluminación de Nadal e pedirle compromiso ós cidadáns polo cambio climático?

—O que fan non se corresponde co que as administracións deberan trasladar, é dicir, unha mensaxe de responsabilidade ambiental, onde deberan ser as primeiras en dar exemplo, ca sostiñibilidade por bandeira. As argumentacións sobre a súa necesidade para potenciar o comercio local a base de aumentar o noso consumo, tampouco son boas, xa para ser sostibles o que temos que fomentar un comercio responsable, onde se consume menos e con máis calidade, algo que ademais vai en beneficio do comercio local e de proximidade. Co cambio climático consumir menos é máis.

—Falando de compromiso e fomento, hai uns días descubriuse que a petrolera Exxon coñecía o impacto do cambio climático dende os anos 70, pero difundiu información falsa para salvar o seu negocio, o do petróleo e os combustibles fósiles. Deso hai 50 anos. O sistema engana os cidadáns ou só algúns axentes?

—Sí, este é un artigo duns colegas de Harvard que saíu a semana pasada. Primeiro, o sistema somos nós. É moi sinxelo tirar balóns fora. O cambio climático non é de onte, falábase del e ensinábase nas escolas fai décadas xa. Algúns engáñannos, hai xente sen principios, egoísta, en tódolos lados e tódolos días ao noso arredor. Se admitir a realidade acaba co teu negocio, sexa unha empresa, un partido político... e non tes principios, pois acabas mentindo aos demais e moitas veces a ti mesmo. Para iso tamén existen os sistemas de control. A principal mentira porén é posiblemente a que nos facemos a nos mesmos, mirando cara outro lado pola inconveniencia de admitir que deberíamos ter votado a quen avoga por prohibir os avións privados, que realmente non precisábase ese pantallón novo ou que ao mellor o coche híbrido nos gusta menos pero que realmente non nos fai falla ese SUV. Resistir a presión social na era da exposición das nosas vidas pode ser máis complicado ca nunca, pero no fondo sabemos ben o que hai e a nosa acción individual é parte da cadea tamén. Por outra banda, que se minta de xeito activo para levar a cabo un negocio que sabes vai a facer que morra xente é negalo dende estrados públicos e políticos.